

CARREIRA ORDINARIA DO SERGAS = DECRETAZO

CIG-SAÚDE rexeita o modelo de Carreira Ordinaria imposto polo SERGAS.

É a primeira vez que o SERGAS regula unha norma tan importante para o futuro profesional das traballadoras e traballadores mediante un Decretazo; sen o apoio das organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial.



Para defender os seus argumentos o SERGAS fai constantemente referencia á normativa vixente e aos acordos asinados, a súa interpretación da normativa é interesada e sesgada, xa que non respecta os acordos de carreira asinados e publicados no DOG.



As diferenzas que nos separan do DECRETAZO do SERGAS son as xa reiteradas pola CIG-SAÚDE e que insistentemente defendemos en todas as Mesas Sectoriais.

Entre elas cabe suliñar:

1.- FUNCIONARIOS E LABORAIS.

- Incumprimento por parte do SERGAS dos acordos asinados e publicados no DOG de 26 de outubro de 2007; acceso extraordinario á CP das categorías de xestión e sanitario de formación profesional.
- Non é válido o argumento do SERGAS de que a Lei de Función Pública no recolle a carreira de funcionarios e laborais, isto xa o sabiamos, por iso o recolleemos nese acordo.
- Os acordos teñen rango de norma e son asinados para cumprilos por ambas partes.
- Ou o SERGAS decatouse agora de que existía unha Lei de Función Pública Galega.

3.- PERÍODO DE PERMANENCIA.

- Neste apartado, si cumpren rigorosamente o acordo que tiñan coas organizacións sindicais asinantes da carreira de diplomados sanitarios. Carreira rexeitada pola CIG-SAÚDE e que non asinamos. No Decreto de carreira ordinaria fano extensible a todas as categorías. (3 anos de permanencia)
- O Decretazo recolle que período mínimo de permanencia para acceder a un grao superior **será de 3 anos.**
- Desde CIG-SAÚDE defendemos que a permanencia mínima en cada grao non fose superior a **un ano.**

2.- PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL E VERTICAL.

- Non aceptan a promoción interna para o persoal licenciado e diplomado sanitario. Si acéptana para o resto das categorías.
- O argumento que defende o SERGAS é que para acceder á carreira de licenciados ou diplomados sanitarios non ten relevancia os servizos prestados noutra categoría sanitaria.
- Pero defenden que teñen relevancia os servizos prestados como celador ou pinche para progresar na carreira de licenciados non sanitarios (grupo A da función administrativa: licenciados en dereito ou económicas)

4.- PERSOAL QUE SUPERASE O PROCESO SELECTIVO DA OPE 2006.

- Non aceptaron que o persoal que reúna os requisitos a entrada en vigor do Decreto de carreira, poda solicitar o recoñecemento dos graos que lle correspondan con periodicidade anual.



CIG-SAÚDE segue a defender unha carreira profesional á que poida acceder todo o persoal e que recompense o esforzo individual realizado.